

Entroido 2017



CONCELLO DE
SANTIAGO

ENTROIDO 2017

Do 25 de FEBREIRO ao 1 de MARZO

Compostela 1917: O Entroido

Hai un século, o Entroido ocupaba a vida da cidade durante case un mes, pois comezaba cando chegaban aos comercios os xéneros propios da festa: os tecidos para os disfraces e os “papelíños de cores” que se empregaban para facer máscaras e todo tipo de figuras. Ao tempo empezaban a prepararse as comparsas e o programa de bailes. Así quedaban marcadas as coordenadas da festa: disfraces, comparsas e alegría. As mesmas que hoxe en día seguen definíndoa.

O chuvioso tempo compostelá marcaba o ritmo e tensión das xornadas, sobre todo a principios do século XX, cando as formas de vida burguesas terminaron de adaptar a festa á sociabilidade urbana. É entón cando naceu o Entroido tal e como hoxe o coñecemos; un tempo -como di un autor da época- *divertido e elegante*.

No rural santiagués perduraron ata hoxe costumes máis arraigados á tradición rural como a destrución do Entroido feito con palla e roupa vella que podemos documentar en Aríns hai cen anos, o carro engalanado que se armaba en Santa Marta ou os atranques dos Xenerais das parroquias do Ulla.

Na cidade desenvolvíase un Entroido diferente con manifestacións xenuínas que estaban plenamente vixentes hai un século. Algunhas desapareceron, outras son doadamente identificables no programa actual.

A rúa era o principal escenario do Entroido santiagués. Polas vías principais paseaban, cantando coplas e chanceando coa xente, as comparsas. Estas agrupacións armábanse cada ano baixo nomes tan suxestivos como *Los Caballeros de Malta*, *Los cirujanos del porvenir*, *Los alpinistas* ou *La Lira*, que levaban acompañamento musical similar ás actuais rondallas ou máis tradicional (pandeireta, bombo e tamboril). Nelas participaban estudantes, mozos e mesmo grupos de nenos e nenas. Na rúa todo eran risas, humor do bo e balbordo, sendo o contrapunto aos bailes que tiñan lugar nas sociedades recreativas ou aos asaltos organizados

pola mocidade; nuns e noutros era obrigado o uso de disface, preferentemente orixinal e de bo gusto.

A xente ía ao Preguntoiro ou á Rúa do Vilar a ver as comparsas e o curioso espectáculo que era a súa rolda. Percorrían as rúas da cidade e ao pé das casas cantaban coplas e cancións recibindo a cambio as moedas que lles tiraban desde balcóns e xanelas. Houbo un tempo en que as comparsas ofrecían amendoados ás casas máis xenerosas.

Tamén había lugar para dous clásicos: o xogo do figo (*juego del higuí*) -no que un home cunha manchea de figos colgados dun pau enredaba coa rapazada- e o paseo de *Carabellón e Perilla* -oso e domador que facían as delicias do público-. O Entroido era, sobre todo, un lugar de encontro e de xogo; por uns días as barreiras sociais volvíanse borrosas nunhas rúas nas que as *mascaritas* tanto facían burla como armaban un baile espontáneo.

As dificultades para xestionar estes encontros e afluencias de xentes levaron o Concello a programar na Alameda o desfile das comparsas. Amenizado con música, o cambio de escenario deulle un importante pulo ao Entroido xa que as carrozas engalanadas, que ata entón eran escasas, pasaron a completar o espectáculo. E mesmo foi posible organizar e gozar das batallas de *confeti*. En 1917 foi a segunda vez que se organizou alí e así, despois de pasear pola cidade, as comparsas e carrozas achegáronse á Alameda, onde a Banda Municipal ofreceu un concerto para amenizar o evento. Foi tal o éxito acadado, que comezou a falarse de outorgar premios aos mellores participantes.

Música, diversión e socialización, esas foron as pautas do Entroido histórico, o que viviron hai cen anos as xentes desta cidade, as mesmas que partillamos hoxe.

Dehistoria.



Sábado, día 25

20.00 h. Concentración na Praza de Cervantes e **DEFILE DO MECO** ata a praza do Toural pasando polas rúas Nova e do Vilar ata o Pazo de Bendaña, donde permanecerá ata o día 1 de marzo.

Animación a cargo das comparsas **OS CONFORMISTAS DE CONXO e A RULIÑA DE LARAÑO.**

Praza do Toural.

20.30 h. SUBIDA DO MECO aos balcóns do Pazo de Bendaña. Pregón e espectáculo a cargo de **AS FILLAS BRAVAS (Chévere).**
Praza do Toural.

Domingo, día 26

A partires das **10.30 h.** e durante toda a mañá animación de rúa a cargo da comparsa **OS CONFORMISTAS de Conxo** acompañados pola charanga **OS ATREVIDOS** co seguinte percorrido:
Centro de maiores de Conxo, Sanatorio psiquiátrico de Conxo, rúas de Sanchez Freire-García Prieto-Cornes-Praza Roxa República do Salvador-Xeneral Pardiñas-Alameda-Praza do Toural- Rúa Nova-Rúa do Vilar-Praterías-Raiña e Franco.

12.30 h. Espectáculo de títeres **AS XENERALAS DA ULLA** de Títeres Cachirulo.

Autora e dirección: *Carmen Domech.*

Manipuladoras: *Carmen Domech, Beatriz Insua, Merche Luaces e Ana García.*

Cabalos: *Chris Geris (Plansjet) e Carmen Domech.*

Títeres: *Carmen Domech.*

Carros: *Titereluis.*

Praza do Toural.

17.00 h. FESTIVAL INFANTIL DE DISFRACES. Animación a cargo de **NI FÚ NI FÁ.**

Sala Capitol. Entrada libre. (participantes ata 14 anos).

(Inscripcións para o concurso de **16.30 a 17.45 h.**)

18.00 h. Animación, baile discoteca, premios, concurso de disfraces, sorteo de agasallos, entrega de bolsas-cotillón...

PREMIOS:

Grupo (mínimo 3 persoas):

1º.- 200 euros

2º.- 150 euros

3º.- 100 euros

Parella:

1º.- Dúas tablets

2º.- Dous lotes de libros

3º.- Dous xoguetes

Individual:

1º.- Unha tablet

2º.- Un lote de libros

3º.- Un xoguetes

4º e 5º.- Tarxetas agasallo



Luns, día 27

12.00 h. a **14.00 h.** e de **18.00 h.** a **20 h.** OBRADOIROS DE ANTROIDO:

Creación de Caretas de Peliqueiros.

Xenerais da Ulla: medallas e espadas de cartón e traxe.

Antifaces de animais.

Perrucas tolas.

Entrada libre. As prazas completaranse por orde de chegada.

Pazo de Bendaña.

Praza do Toural.

Martes, día 28

16.30 h. CONCENTRACIÓN de carrozas, comparsas e charangas
Estación do Ferrocarril.

17.30 h. DESFILE DE ENTROIDO polas rúas Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra, para rematar na Avda de Xoán Carlos I.

21.00 h. Decisión do xurado e **ENTREGA DE PREMIOS** de acordo coas seguintes categorías:

PREMIOS CARROZAS.

1º PREMIO.....	3.000 €
2º PREMIO.....	2.000 €
3º PREMIO.....	1.000 €

PREMIOS COMPARSAS.

1º PREMIO.....	2.400 €
2º PREMIO.....	2.000 €
3º PREMIO.....	1.000 €

PREMIOS AOS GRUPOS.

1º PREMIO.....	800 €
2º PREMIO.....	400 €
3º PREMIO.....	200 €

PREMIOS Á MELLOR PARELLA.

1º PREMIO.....	400 €
----------------	-------

PREMIOS AO MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL.

1º PREMIO.....	300 €
2º PREMIO.....	200 €
3º PREMIO.....	100 €

PREMIOS ESPECIAIS Á MELLOR COMPARSA PROCEDENTE DAS PARROQUIAS E BARRIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

(premios incompatibles cos anteriores)

1º PREMIO.....	1.200 €
2º PREMIO.....	600 €
3º PREMIO.....	400 €

Ó rematar a entrega de premios actuación da orquestra **OS MODERNOS**. Sala Capitol.

Mércores, día 1

20.00 h. ACOMPAÑAMENTO DO MECO polas comparsas e participantes no Antroido desde a praza do Toural ata a Praza Roxa facendo o percorrido seguinte: Rúa Nova, Rúa do Vilar, Rúa da Senra, Doutor Teixeiro, República do Salvador, para rematar na Praza Roxa.

Coa participación da comparsa A RULIÑA de Laraño (Prégase aos acompañantes vistan de rigoroso loito para a ocasión).

21.00 h. QUEIMA DO MECO e animación a cargo de **NI FÚ NI FÁ**
Acompañamento: **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO**
Praza Roxa.



Día 17 de febreiro

21.00 h. Filloada de arrepío con Paula Carballeira.

Centro Xove de Creación Cultural (Concellería de Mocidade).

OBRADOIROS E ACTIVIDADES LÚDICAS NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS:

CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE

- **Obradoiros para a elaboración de disfraces** (mes de febreiro).
- **O Meco manda.** (do 20 ao 28 de febreiro).
- **Elaboración do Meco.** 15 febreiro.
- **Baile de disfraces e merenda senior.** 22 febreiro.
- **Ensaio de coreografía para a comparsa.** 24 febreiro.
- **Acompañamento a queima do meco como remate do Antroido.** 1 marzo.

CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

- **Dinámica de pistas “ habelas hialas** (do 17 o 31 de xaneiro).
- **Obradoiros para a elaboración de disfraces** (mes de febreiro).
- **Elaboración de un Meco.**
- **Obradoiro de disfraces meigos** (10, 17 e 24 de febreiro).
- **Enterro da sardiña e queima do Meco no barrio.**
- **Merenda de antroido compartida.** (mércores de cinza).

CENTRO SOCIOCULTURAL DO CASTIÑEIRIÑO

- Obradoiros para a elaboración de disfraces** (sábados de febreiro).
- Concurso de filloas innovadoras e tradicionais.** 4 de marzo.

CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

- **Concerto de Entroido.** 24 de febreiro.
- **Talleres de elaboración de disfraces** (febreiro).
- **Celebración do “día Internacional do gato”** a cargo da Asociación “ Micos do Barrio” con obradoiros abertos de disfraces de gatos

e contacontos, todo dentro da campaña de sensibilización “rompendo moldes”.

- **Obradoiros de creación de instrumentos musicais con refugallos.** 16 e 17 febreiro.

- **Obradoiro de maquillaxe.** 21 de febreiro.

- **Coreografía da comparsa.** 23 de febreiro.

- **Comparsa polo barrio e festa de Entroido** no Centro con chocolatada e baile (previamente faranse talleres de maquillaxe para os/as participantes). 25 febreiro.

- **Mercadillo solidario de Entroido** do colectivo “Micos do Barrio”.

CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- **Obradoiros para a elaboración de disfraces** 7-25 febreiro.

- **Exposición** sobre o Entroido. 18 febreiro-3 marzo.

- **Decoración do centro.** 17 ó 21 febreiro.

- Dinámica colectiva de **“O Meco quere”** 21 - 28 febreiro.

- **Festa de Entroido, concurso de disfraces e concurso de postres de entroido** 25 febreiro.

- Recollida de **receitas tradicionais** do entroido (7 -18 febreiro) (aberta) que logo en un **obradoiro de maquetación** se prepararán como libro de receitas de entroido (21- 24 febreiro).

Aula de xogo:

- **Actividades e obradoiros para facer máscaras** 9 - 16 febreiro.

- **Xornada de contos do entroido** 10 febreiro.

- **Pequenos lectores:** historias de entroido coa biblioteca. 17 febreiro.

- **Obradoiro de máscaras.** 17 febreiro.

- **Xogos de entroido.** 24 febreiro.

CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO

- **Obradoiros para a elaboración de disfraces** (febreiro).

- **As receitas de Entroido.** 16 febreiro.

- **Facemos o Meco do Entroido.** 16 febreiro.

- **Concurso de filloas e orellas. Queima do Meco. Procesión polo barrio.** 1 marzo.

Mais información www.santiagosociocultural.org

Mais información das actividades día a día en:

www.santiagosociocultural.org

Sigue o Entroido dos centros socioculturais tamén a través do facebook Santiago Sociocultural, moitas mais actividades suxestivas!!.

ENTROIDO DOS XENERAIS DA ULLA EN SANTIAGO:

Os Atranques e Comparsas do Entroido Tradicional dos Xenerais da Ulla poderemos enconralos nas seguintes parroquias de Santiago nas seguintes datas:

SÁBADO 18 FEBREIRO

- **19:00 h.** Marrozos (Santiago de Compostela).

Campo da Festa.

GPS: 42° 50' 22" / 8° 29' 50"

DOMINGO 19 FEBREIRO

- **19:00 h.** Angrois (Santiago de Compostela).

Campo da Festa de Soutiño.

GPS: 42° 51' 35" / 8° 31' 41"

SÁBADO "de Entroido" - 25 FEBREIRO

- **18:30 h.** Aríns (Santiago de Compostela).

Campo da Festa – Rúa San Martiño.

GPS: 42° 51' 50" / 8° 30' 14"

DOMINGO "de Entroido" - 26 FEBREIRO

- **19:00 h.** O Eixo (Santiago de Compostela).

Carballeira do Souto, Santa Lucía.

GPS: 42° 50' 52.74" / 8° 31' 25.36"

Información suxeita a cambios, especialmente por mor da meteoroloxía.

Máis información: www.xeneraisdaulla.com





CONCELLO DE
SANTIAGO